

## Suplemento en Concepto de Ingresos

Aplicación económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
8	87	87000	Rt. Tesourería	110.937,02
<b>TOTAL</b>				<b>110.937,02</b>

“”

Cervantes, 4 de setembro de 2023.- O Alcalde, Benigno Gómez Tadín.

R. 2835

## O CORGO

*Anuncio*

O Sr. Alcalde, o día 7 de setembro, e de conformidade co establecido na base quinta da convocatoria, ditou Resolución na que se contén a seguinte LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA CUBRIR, interinamente mediante proceso libre dunha praza de auxiliar administrativo posto base e encargado/a da secretaría do xulgado de paz, da escala de administración xeral.

NOME E APELIDOS	DNI	EXAME GALEGO
MARBAN LOPEZ SOFIA	**555.8***	EXENTA
SANTIAGO DOPICO BEGOÑA	**667.2***	EXENTA
PENERBOSA GARCIA LUCIA	**417.6***	EXENTA
ESCARIZ CAMOIRA ALVARO	**548.2***	EXENTO
SUAREZ LOPEZ JORGE	**344.2***	EXENTO
NUÑEZ LOPEZ ESTEFANIA	**999.4***	EXENTA
FEIJOO GONZÁLEZ ADRIAN	**343.8***	EXENTO
MONTERO GALLEGO MONICA	**265.8***	NO EXENTA
ARIAS MAGIDE LUCIA	**558.6***	EXENTA
SOARES DA SILVA SOUZA WANESSA	**0031***	EXENTA
MAGO MARCANO KARIN	**308.4***	EXENTA
FONTAL MACIÑEIRAS Mª DEL CARMEN	**286.7***	EXENTA
DEIROS LOPEZ NEREA	**558.0***	EXENTA
FERNANDEZ DIAZ SABELA	**324.4***	EXENTA
BALLON DIAZ SILVIA	**350.6***	EXENTA
IGLESIAS NUÑEZ FATIMA	**558.5***	EXENTA
GONZALEZ PARAJUA PATRICIA	**542.1***	EXENTA
BOUZA CANDO ANTONIO	**884.4***	EXENTO
FERNÁNDEZ SANTOME CRISTINA	**580.4***	EXENTA

VILABOA GARCIA REBECA	**282.2***	EXENTA
RODRIGUEZ MARTINEZ JULIO	**553.3***	NO EXENTO
LOPEZ GRANDE ELIAT YANET	**465.8***	EXENTA

Excluídos: non hai

Abrídense un prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no BOP de Lugo, para que os aspirantes poidan enmendar.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideran derivar das súa participación no procedemento.

O Corgo, 7 de setembro de 2023.- O ALCALDE, Felipe Labrada Reiña.

R. 2865

## LUGO

### Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día trinta de agosto de dous mil vinte e tres, aprobou inicialmente o proxecto de urbanización "Desdoblamento e humanización da avenida Infanta Elena, Duquesa de Lugo. Tramo: Glorieta Garaballa de Arriba - Glorieta Benigno Rivera (Tramo 4)", promovido polo Excmo. Concello de Lugo.

Conforme ao previsto nas disposicións vixentes, sométese a información pública polo prazo de **un mes**, durante o cal poderá ser examinado no Servizo de Urbanismo deste Concello (ronda da Muralla número 197), e presentarse as reclamacións ou suxestións que se desexen.

Lugo 4 de setembro de 2023.- A Alcaldesa. P.D. A tenenta de alcaldesa delegada da Área de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos (Decreto 5756/2023, de 21 de xunio), dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 2836

## MEIRA

### Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 4 de setembro do 2023, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiros, lixo e canon de auga da Xunta, correspondente o 3º. **bimestre do exercicio 2023**, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 4 de setembro do 2023 ao 4 de novembro do 2023.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interperse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exigencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Meira, 4 de setembro do 2023.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 2837